

INSTRUCCIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PROXECTO DE DOCUMENTACIÓN E ADMINISTRACIÓN SANITARIAS

1 ESTRUCTURA DO PROXECTO

1.1 PORTADA

- Nome do Proxecto
- Autores
- Nome do Ciclo
- Nome do Centro
- Curso académico

1.2 ÍNDICE PAXINADO

Indica a páxina na que se atopa cada unha das partes que compoñen o Proxecto. A portada non se numera. Índice feito ó rematar o traballo, escollendo o estilo de cada apartado segundo a xerarquía (Título 1, Título 2, Título 3...).

1.3 ABSTRACT

Resumo dos contidos e alcances do Proxecto.

1.4 XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Xustificación do Proxecto coa Competencia Profesional do Técnico. Os motivos deben ser claros e concretos. Indicar a relación do proxecto co ámbito sanitario e cos distintos módulos do ciclo.

1.5 INTRODUCCIÓN

Neste punto débense redactar as ideas principais e o contexto no que se desenvolve o tema. Recóllense os estudos, ideas e planteamentos descritos sobre os que se basea o Proxecto.

1.6 OBXECTIVOS

Indican o que se quere alcanzar co Proxecto. Escríbense sempre en infinitivo e non deben ser moi numerosos.

1.7 DESENVOLVEMENTO

Neste apartado cada grupo desenvolverá o tema e decidirá a estrutura do mesmo en función dos contidos a tratar.

1.8 CONCLUSIÓN

Avaliación do traballo. Expóñense as ideas principais ás que se chegou.

1.9 ANEXOS

Son agregados extra (non obrigatorios) que incluímos ao final, sempre que enriquezan o traballo. Poden ser táboas, gráficos, enquisas, glosarios, referencias, etc.

1.10 BIBLIOGRAFÍA

Listaxe onde aparecen as diferentes fontes de información empregadas na elaboración do Proxecto.

2 *FORMATO DO PROXECTO*

Extensión máxima do Proxecto 15 páxinas sen contar os anexos

2.1 PÁXINA

- Marxes: superior, inferior, esquerda e dereita de 2,5 cm.
- Encabezado: incluíra o título do Proxecto inserido á dereita. Non poñer na portada.
- Pé de páxina: incluíra a numeración das páxinas, co formato número de páxina do total de páxinas, inserida á dereita. A numeración das páxinas comeza despois da portada.

2.2 PARÁGRAFOS E INTERLINEADO

- Interlineado: 1,15.
- Corpo do texto: Xustificado.
- A primeira liña do parágrafo debe presentar unha sangría cara á dereita de 0,5 cm.

2.3 TIPO, ESTILO E TAMAÑO DE LETRA

- Títulos 1: Arial, 14, Negrita, Maiúsculas.
- Títulos 2: Arial, 12, Negrita, Maiúsculas.
- Corpo do texto: Arial, 12.

2.4 ANEXOS

As imaxes, táboas, gráficos, etc deben ir sempre titulados e numerados. Ao pé dos mesmos é imprescindible citar a fonte dos datos (mesmo cando estes foron elaborados polo propio autor) así como, calquera outra información necesaria para interpretalos.

3 *ENTREGA DO PROXECTO*

O Proxecto presentarase en formato dixital en PDF.